



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de operario/a electricista - OEP 2022

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 70/2025, de data 28.01.2025, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“Asunto: LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE OPERARIO/A ELECTRICISTA INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2022, MEDIANTE O SISTEMA SELECTIVO DE CONCURSO-OPOSICIÓN

Expedientes: 2024/E001/000026; 2025/G003/000053

A través da Resolución da Alcaldía núm. 1406/2024 do 30.10.2024, rectificada pola Resolución da Alcaldía núm. 1437/2024, do 06.11.2024 aprobouse a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de operario/a electricista incluída na OEP 2022, mediante o sistema selectivo de concurso-oposición.

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (BOP núm. 219, do 13.11.2024); así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOGA núm. 243, do 18.12.2024) e no *Boletín Oficial do Estado* (BOE núm. 313, do 28.12.2024). Este último anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 17.01.2025, incluído.

No prazo habilitado ao efecto non consta presentada ningunha instancia de participación.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, consonte o disposto na base sétima das reguladoras do proceso de selección e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas que se relaciona a continuación:

Persoas aspirantes admitidas: Non constan

Persoas aspirantes excluídas: Non constan

SEGUNDO.- Outorgar un prazo de dez (10) días hábiles para que as persoas aspirantes poidan emendar a documentación presentada, de acordo coa base sétima e co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 30.01.2025 polo alcalde Juventino José Trigo Rey

2025/607